


# FIADDEIRO



1984

17 de Maio  
TERREAS GALPES

RIA DE PONTEVEDRA

BELUSO

RIA DE ALDAN

CANGAS

BUEU



# EDITORIAL

Aparece de novo o noso periódico "Fiadeiro". Aparece nun día especial: 17 de maio, porque nós tamén queremos celebra-lo "DIA DAS LETRAS GALEGAS" coa nosa pequena aportación cara ó galego.

Este ano, adícase este día a D. Armando Cotarelo Valledor, do que falaremos un pouquiño en páxinas posteriores.

Ademais deste motivo, este número é tamén especial por outra cousa: nel insertamos un pequeno traballo sobre a parroquia na que estamos, Beluso. Este traballo é soio unha parte, que esperamos completar noutros números do noso periódico que sairán no próximo curso. Con este traballo pretendemos acercarnos ó conocimiento da nosa xeografía, toponimia, etc. así como a historia do noso pobo.

Tamén neste número aparecen os "maios", elaborados e cantados por un grupo de alumnos en varios puntos da parroquia: Sanamedio, A Rosa, Montemogos ...

Como sempre a elaboración corre a cargo dos alumnos de 8º e tamén participan cos seus traballos alumnos doutros cursos do noso colexio, e incluso ex-alumnos. Contamos tamén coa colaboración de profesores.

Agradecemos que leades este noso periódico e pedimos disculpas polos erros, equivocacións e deficiencias.

## S U M A R I O :

BELUSO	TRABALLOS LITERARIOS
-Introducción	-Armando Cotarelo
-Mapas	-Poesía
-Gráficas de poboación	Comic literario
COMIC GRAFICO	FESTAS POPULARES
-Pepe e o queixo	-Maios
-Malditos cans. Un día de mala sorte.	RUMORES.
PARVULOS	PORTADA E CONTRAPORTADA
CARICATURAS	
DEPORTES	

## INTRODUCCION

Presentámoslles un traballo moi especial que fala do noso pobo, Beluso. Queremos que todos saiban como é: límites, forma, poboación, extensión,...

A parroquia de Beluso atópase a 23 kms. de Pontevedra, na península do Morrazo, e confina polo leste coas de Bueu e Aldán, e polo norde, sul e oeste co mar. Comprende as seguintes entidades: Bon de Baixo, Bon de Riba, Cabalo, Costa de Figueirón, Chan de Piñeiro, Montemogos, Vilar, Praia de Beluso, Rosa, Rúa Nova de Baixo, Rúa Nova de Riba, Sanamedio, Sar, Achadiza e Illa de Ons.

As cotas máis altas da zona interior son os montes Udra (91 m.) e Faro (120 m.) este último situado na illa de Ons.

O único río que atravesa a parroquia é o Nocado, que nace en Castiñeiras e desemboca na praia de Reventós.

Celebra as súas festas os días 15 e 16 de agosto, e a últimos deste mesmo mes a chamada "Festa dos Mozos".

Dende o punto de vista demográfico, non hai que esquecer que Beluso atópase na península do Morrazo, que no ano 1981 presenta unha densidade de 448 hab./km. cuadrado, densidade moi superior á media provincial.

O incremento poboacional é debido fundamentalmente ó crecemento vexetativo (para o período 1975-78 supoñía o 14,56%), resultado dunha elevada natalidade e unha alta esperanza de vida, o que dou lugar a unha estrutura biodemográfica xoven.

Os datos demográficos dos anos 1980, 1981, 1982 e 1983 aparecen na seguinte gráfica:

	1980	1981	1982	1983
Bautizos	63	58	58	48
Defuncións	32	37	25	48
Matrimonios	20	26	16	27

A continuación aparecen os mapas e gráficos que intentan expresar datos sobre xeografía física e tamen sobre a poboación.

(Para facer este traballo contamos coa colaboración dalgúns organismos que nos proporcionaron parte do material utilizado. Estes organismos foron: Axuntamento de Bueu, Delegación de Facenda de Pontevedra e a Igrexa Parroquial. A bibliografía consultada foi: Enciclopedia "Alvarez Limeses", "Mapa dos límites das parroquias de Galicia" e "Atlas de Galicia")




ILLA DE  
ONS

CURRO

ILLA DE ONCETA









# GRÁFICA DA POBOACIÓN DE BELLUSO 1983

HOMES

MULHERES



# GRÁFICA DA POBOACIÓN DE BELLUSO 1936



# TRABALLOS

# LITERARIOS

## CRIATURINIÁS INOCENTES

O que a continuación vos conto  
todo é pura realidade,  
e podedes estar seguros  
que é unha triste verdade.

Nom hai pel neste mundo  
tam bella, suave e blanda,  
cá das pequenas foquiñas  
tam bonitas epreciadas.

Tam suave e tam blanda é  
que nem a pel de Platero,  
por moi algodón que pareza,  
pero esta que eu digo prefiero.

E é por esta fermosura,  
da que vos falo tam ben,  
que moitas foquiñas morren  
preguntándose por que.

A resposta a esta pregunta  
xa nunca a saberán,  
porque antes de que a saiban,  
as pobriñas, mortas están.

O home chega ó Polo en barco  
co seu afán despiadado,  
para conseguir sen pensar  
o seu propósito inhumano.

Cun machete á cintura  
do seu buque desembarca  
e sen algún sentimento  
escomenza a matanza.

As pequenas foquiñas  
esperan o seu destino  
que é sen dúbida algunha  
un brutal pau nos fociños.


O quente sangue derramado  
non derrete ó claro xelo  
e unha mancha de encarnado  
tíñeo baixo o ceo.

Alí quedan tendidiñas.  
O home mataas nun momento  
sen importarlle para nada  
a criaturiña que vai dentro.

Alí quedan mortifñas  
sen a súa pel na fría neve.

Alí quedan mortifñas  
e din: "total, que se perde?."

J.R. Regueira.



" MARIÑEIRO GALEGO "

Ese home loitedor  
o mariñeiro galego,  
que traballa con sudor  
dende a noite á mañá cedo.

¿Ti que buscas? a comida  
para esas bocas famentas,  
e ¿qué queres?, ser feliz  
ó miralas tan contentas.

Ós nosos mariñeiriños  
trátamnos con inxusticia,  
os almirantes e outros  
que só teñen codicia.




¿Con que vive o mariñeiro?  
co sudor da súa fronte,  
para que digan os "señores"  
¡ai, qué home! ¡Qué valente!

Isto vai por todo o mundo  
para que diga moi contento,  
non hai home mais valente  
có mariñeiro galego.

E aquí acabo amigos  
ata o eno vindeiro,  
e que sigan lendo todos  
as poesías do fiadeiro.





- A MORTE -



Cala, can negro, no oubees  
á porta de quen ben quero :

Corvos, non voés por riba  
do sobrado onde está engermo



Co teu resprandor compañía,  
vaite, non lle poñas medo

Se é que queres que alguén morra,  
eu sei de un  
por el deravola vida  
irá convosco ós infernos.

- UENA NA FONTE -



Uena que uena foubia  
queres auher a tua cantora  
sú coucer que uou se euche  
vastra que foi rachada

ROSELIA  
DE  
CASTRO



Por waís que bates os ollos,  
por waís que roques coas saías



Que esas pestoias touq  
uou che creceou sú ar  
porque sú rego uou cre  
was uou...

# Maios "Oslaretas da escola"

## Beluso

Xa voltamos este ano  
con ganas de criticar  
pra decirvos moitas cousas  
que non podemos gardar.

No concursiño dos maios  
o ano pasado ganamos  
nós non fomos os mellores  
soio os que nos presentamos.

Había unha praia en Lagos  
onde fixeron casetas  
e como o alcalde cala  
farán tamén discotecas.

Van facendo pouco a pouco  
terrazas e outras cousiñas  
anda ano medran máis  
tal vez chegarán a Illa.

En "La villa de Bueu"  
hai campo municipal  
xogadores do Beluso  
non poden nel entrenar.

O concello de Bueu  
cobra impostos a tres pobos  
e á hora de repartir  
reparten pra eles soios.

O alcalde do municipio  
soic mira por Bueu  
acordouse de Beluso  
cando a el lle conviñeu.

En Beluso houbo un cross,  
rapaces moitos correron;  
algúns ganaron trofeos  
mais, non o do Axuntamento.

Teñen moi pouca memoria  
pras subvencións deportivas  
cando pensamos no conto  
case morremos ca risa.

Os mestres deste colexio  
non paran de protestar  
pero os do Axuntamento  
non lle queren contestar.

Moitas plantas do colexio  
teñen follas esmirriadas  
é do que sofren as probes  
pois están desamparadas.

Condutores do Cerqueiro  
de ir a Bon non son capaces  
de todo o que alí ocorre  
bótanlle a culpa os rapaces.

Os retretes do colexio  
teñen moi boa colonia  
é mellor ca que gastaba  
a reina de Babilonia.

Os franceses aburridos  
tiñan poucas diversións  
mais agora xa a atoparon  
coa queima dos camiós.



Os nosos barcos pesqueiros  
aprésaos o Hassán  
failles a Pascua o Eanes  
cañónsaos Mitterand.

Cando hai protestas da pesca  
o presidente fai muecas  
ímolo mandar co Guerra  
a pescar unhas fanecas.


Este ano a Eurovisión  
mandaron o grupo Bravo  
pois por moito que buscaron  
non teparon a un xitano.

Homes, mulleres e nenos  
xa nos temos que marchar  
sóltennos algúns cartiños  
pro ano poder voltar.

rinia Mesa tarr



la casa mia




000

¿ por qué onte  
con pantalón e  
doxe con saia?



Pois por iso debías  
deem. que quapa  
i está' prof!



soy  
Pita



cuando day  
dases me me  
interrumpen  
mi cuando  
nego.



# DEPORTES

## RESULTADOS DE BALONMAN FEMENINO

1ª volta		2ª volta
2-3	Ruanova-Achadiza	1-4
2-6	Bon-Rosa	1-0
6-4	Ruanova-Bon	3-2
2-0	Achadiza-Rosa	1-2
5-5	Ruanova-Rosa	3-2
1-2	Achadiza-Bon	5-0

### CLASIFICACION

1º ACHADIZA.....	8 puntos
2º RUANOVA.....	7 puntos
3º ROSA.....	5 puntos
4º BON.....	4 puntos

## RESULTADOS DO CROSS DE BELUSO

Este cross celebrouse o día 19 de Marzo. Xa se leva celebrando desde 1980, e este ano variouse un pouco a súa celebración. Os outros anos celebrouse no Nadal. Os resultados son os seguintes:

### BENXAMINS

Masculino:  
1º VICTOR M. BLANCO  
2º OSCAR GARCIA  
3º JESUS M. BARREIRO

Femenino  
1ª BEGOÑA POUSA  
2ª ROSALIA CASTRO  
3ª ANGELA PRIETO

### ALEMTNS

1º PABLO MARTINEZ  
2º FRANCISCO RODRIGUEZ  
3º JOAQUIN FERNANDEZ

1ª ESTHER FERNANDEZ  
2ª Mª PILAR PRIETO  
3ª INES COMEDEIRO

### INFANTIS

1º RUBEL OTERO  
2º HERMINIO PEREZ  
3º MARCOS RIAL

1ª EVA Mª NOVAS  
2ª Mª JOSE PEREZ  
3ª SUSANA PAREDES

### CADETES

1º JESUS PEREZ  
2º RUFINO ACUÑA  
3º JOSE PAZ CHAPELA

1ª CAIÑO  
2ª JOSEFA PORTO  
3ª LUCIA TORRES

### TROFEOS POR EQUIPOS

1º Beluso.....172 puntos  
2º Coiro.....83 puntos  
3º Aldán.....57 puntos  
4º Cela.....43 puntos  
5º Hío.....34 puntos  
6º Milagrosa-Bueu.30 puntos

### TROFEO O CORREDOR MAIS VETERANO

Benito Nedas

### PREMIO A DEPORTIVIDADE

Gaspar Rivero

O día 5 de Maio os atletas do colexio de Beluso participaron nun cross que se celebrou na cidade "Príncipe Felipe" de Pontevedra. Do noso colexio obtiveron trofeos: Rafael P. Cabral, María José Pérez, Victor Manuel Blanco, Begoña Pousa, Mª Pilar López Graña y Mª Sol Agulla.